

Terror no Cabo

Contra os señores do olvido

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

A ficción galega, desde hai unha ducia de anos, está a esgazar o manto da desmemoria, permitindo que saian á luz moitas cousas do noso pasado franquista. A xustiza que nunca se fixo cos que se rebelaron, cos torturadores, cos axentes do terror, está sendo asumida pola literatura e de xeito ficcional, mais sen faltar á verdade e, como se di nas primeiras liñas desta novela de Xabier Quiroga, sabendo que os feitos que non se recordan é como se non aconteceran, está a ser o principal axente da así chamada Memoria Histórica. A este propósito súmase hoxe, dun xeito orixinal e disimétrico ao que soe ser esta narrativa de tipo social, a última novela de Xabier Quiroga, *O cabo do*

morte de falanxistas e asimilados a través de “paseos”, “sacas” e a actuacións das “patrullas do amencer”. Este labor de pescuda é da que se apropia un profesor diagnosticado de cancro terminal, estragado pola vida e derrotado dos sentimentos, que no enterro de seu pai, escoita como alguén berra: “Adeus asasino”. Desde entón, sabendo que ten as horas contadas, trata desesperadamente de resolver dúas dúbidas: descubrir se seu pai fora ou non un asasino e saber se a muller á que sempre amou, o ama tamén. A indagación lévaos a investigar compulsivamente nos libros de historia e na memoria dos vivos para desvelar o que pasara nunha cantina ribeirá nunha noite

de xullo do trinta e seis, situada nun rouso do Miño coñecido co nome de o Cabo do Mundo. Mais atópase co feito de que as clases dominantes, os “señores do olvido”, promoveran a perda da memoria colectiva e a eliminación na documentación oficial de toda pegada do terror. A narración convértese entón nun verdadeiro relato detectivesco, no que mesmo entra en acción un improvisado Holmes, e ten o

Mundo.

O escritor, do que pouco sabemos agás o alento narrativo das catro novelas que publicou a partires do ano 2002, agasállanos cunha historia e unha trama narrativa que, desde o presente e de xeito nada maniqueo, tentan pescudar naqueles desgarrados días do ano trinta e seis nos que a barbarie represiva acabou sendo tapada polo andazo dunha guerra sen fronte bélicas en Galicia, pero marcada polo terror nunha dupla vertente: a dos xulgamentos – farsa, argallados a xeito de vinganza e a que o autor chama “paralegal”, exercida polos escuadróns da

mérito de afondar, desde o punto de vista ficcional, pero baseándose en datos documentais, na represión falanxista no sur da provincia de Lugo. Unha arquitectura facilmente habitable polo lector e que fai avanzar a acción dosificadamente, unha verdadeira inmersión na Galicia profunda e un estilo da prosa elaborado, pero que reproduce cando cómpre o galego oral por veces moi basto e expresivo, contribúen a darlle verosimilitude a esta historia de terror no Cabo do Mundo.

QUIROGA, Xabier, o Cabo do Mundo, Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP.19 €

